

## PEZA DO MES

xaneiro

2013

---



**SANTA EUFEMIA**



## Santa Eufemia

A *inventio* do Corpo Santo no século IX converteu o lugar de Santiago nun dos grandes centros de referencia da cristiandade medieval e o terceiro centro de peregrinación, despois de Roma e Xerusalén. A necesidade do contacto directo coas reliquias para que a rogativa fose efectiva provocaba unha masiva afluencia de peregrinos que se reflicte nun forte pulo económico. O interese popular traducírase en atencións reais mediante dádivas e privilexios que referendaban a autoridade relixiosa sustentada precisamente na esencia do descubrimento.

No modelo compostelán óptase por unha figura capital na que podería xustificarse, aínda milagrosamente, a súa chegada a territorio iriense; no caso da Sé auriense na busca de segui-la mesma fórmula –do mesmo modo que outros lugares coetánea ou posteriormente– óptase polo aproveitamento dun culto xa existente na diocese de procedencia oriental, o de Santa Eufemia de Calcedonia, adaptando a súa haxiografía nun fenómeno que se denominou como de “apropiación”.

O proceso formouse posiblemente no século XII, nos primeiros anos do episcopado de Pedro Seguín (1157-1169), autor do traslado das reliquias á cidade auriense segundo a tradición. Constan estas reliquias en Ourense documentalmente no ano 1160, na doazón que o rei Fernando II realiza ó Bispo do mosteiro de San Lorenzo de Siabal, agradecendo a interención de Santa Eufemia na curación dunha enfer-

midade que padecía. Máis explícito é outro documento de xuño do mesmo ano no que concede seis días de plena seguridade para os peregrinos na festa da translación do corpo de Santa Eufemia o día 26 de xullo “*cuius sanctissimum corpus in auriense ecclesia reciescit*”.

Dende este momento son diferentes os autores que trataron sobre a mártir, mais quen mellor expresou o relato da chegada do corpo santo e a vida de Santa Eufemia foi o bispo Muñoz de la Cueva recolléndoo nas súas *Noticias Históricas de la Santa Iglesia de Orense*, que de forma resumida é o seguinte: Eufemia nace en Baiona dende onde ten que fuxir por non querer renunciar á súa fe e refúxiase nas montañas do Xurés, é martirizada nas persecucións por un xeneral romano e o seu corpo enterrado preto da cidade de Obobriga.

O relato sitúa a aparición do corpo no lugar do Campelo, pertencente á parroquia de San Salvador de Manín (Lobios). Neste lugar unha pastora descubriu unha man brotando do solo que portaba un anel. Ó tomar este anel enmudeceu. Con seu pai, e a través do que puido comunicarlle, volveron ó lugar onde colocaron novamente o anel na man e a pastora recuperou a fala. Decidiron coloca-lo corpo na ermida de Santa Mariña da mesma localidade dende onde, tempo despois, grazas ás oracións do bispo, partiu unha comitiva procesional nunha *translatio* milagrosa dun carro guiado por bois que se dirixiu ata as inmediacións da cidade de Ourense, a medio camiño de Seixalbo, onde se detiveron os bois e non quixeron continuar. En memoria disto mandaron erguer un “humilladero” (cruceiro) no lugar de parada.

Para a verificación do discurso son aproveitados constantemente restos antigos e monumentos que darían cobertura á verificación material do texto, ó igual que se experimentou noutros casos próximos como no de Santa Mariña de Augas Santas.

Como un testemuño máis dos elementos físicos nos que se apoiaba o relato da mártir entre os fondos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense atópase unha escultura identificada coa imaxe de Santa Eufemia, procedente de Mariñamansa a cal formaría parte da cruz ou cruceiro levantada nese lugar. Ingresou mercede á Comisión de Monumentos en data non precisada, entre os anos de 1898 e 1946. A figura pétreo cunha medida de 54 cm de altura ten a parte dianteira esculpida mentres que a traseira se deixou basta por ser destinada a ir engarrada no varal do cruceiro. A imaxe carece de cabeza, aínda que posiblemente cando ingresou no Museo a tiña pero como di a ficha do catálogo monográfico realizado por Basilio Osaba en 1946 “*en los traslados desapareció*”. Viste manto e túnica con pregaduras verticais a excepción dos triangulares no lado esquerdo ó recollerse o manto co antebrazo. As vestiduras unicamente deixan ve-las mans que portan un libro e caen sobre os pés calzados con zapatos puntiagudos á moda medieval. Sobre o ombreiro dereito consérvase un fragmento do cabelo.

A figura remite ó que Moralejo Álvarez definiu como “estilo ourensán” por ser o lugar onde primeiro se manifestou e máis éxito tivo. A aparición deste estilo coincide coa empresa da “claustra nova” da catedral auriense entre a fin do século XIII e o principio do XIV, seguido por un período de desenvolvemento entre 1308 e 1325 do que son mostra os sepulcros episcopais catedralicios, e a partir de aí o decaemento e o recurso a formas tomadas do pasado, fórmula experimentada no Convento de San Francisco de Ourense.

Este estilo caracterízase pola xeometrización angulosa das formas, expresada principalmente nas roupaxes. O modo de elaboración, segundo Moralejo, non remite ó pasado senón a modos de facer chegados dende Saint Denis a través da catedral burgalesa. Ó modo de Villard de Honnecourt o taller instalado en Ourense pode reducir a un esquema básico a realización escultórica por medio dun método ben aprendido.

A figura de Santa Eufemia encadrarase dentro da segunda fase, denotada nas angulosas dobraduras do manto, nun acabado moi similar á figura da virxe no enterramento do bispo Yáñez de Noboa ou á Virxe do leite do museo da mesma Catedral. Unha datación estilística moi próxima ás referencias documentais coñecidas.

A Santa soporta un libro nas mans que sinala co dedo índice da man dereita. Para dar resposta a esta iconografía é preciso acudir á haxiografía de Santa Eufemia de Calcedonia. Entre outros *Flos Sanctorum*,



BASE DO CRUCEIRO DE SANTA EUFEMIA

o de Alonso de Villegas narra o milagre sucedido durante o Concilio calcedonense (451) no que “los padres que en el se juntaron, hizieron dos libros; en el uno escribieron los Catolicos la verdad de nuestra Fe, y en el otro los Hereges sus errores. Pusieronlos junto al Cuerpo de la Santa y estuvieron los Padres toda la noche en oracion, y a la mañana hallaron, que tenia la Santa en sus manos el libro de los Catolicos asido y a sus pies el de los Hereges”.

O outro elemento iconográfico é o anel que porta no dedo índice vinculado coa tradición local da súa aparición; aquel que atopou a pastora. Ata o século XVI conservouse na Catedral un anel de ouro baixo cunha pedra preciosa que os que o viron dicían amethysta. A reliquia como as outras relacionadas con Santa Eufemia obraba grandes milagres.

A faceta de piedade e veneración dos elementos relacionados con Santa Eufemia recórdanola Benito Fernández Alonso ó dar noticia en 1897 na súa *Crónica de los obispos de Orense* dunha inscrición existente en Mariñamansa coa seguinte transcrición: QUI PER ALLIIS ORAT SEMETIPSUM DEO COMENDAT. É dicir: “Quen por outros reza a si mesmo a Deus encomenda”. A peza na que se recolle a inscrición latina en tres liñas con caracteres góticos era a base do varal do cruceiro. De planta circular ten sección troncocónica e dúas molduras a bocel na parte superior. Hoxe, trasladada, é propiedade particular por compra de Amable González.

En referencia á data na que se levanta o cruceiro de Santa Eufemia –primeiro cuarto do século XIV en atención ós conceptos expresados– é preciso consideralo como unha das manifestacións máis antigas deste tipo de monumentos actualmente conservada.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:  
<http://www.musarqourense.xunta.es>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

**Teléfono** : 988 230 430

**O horario de visita é o seguinte:**

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

**Teléfono**: 988 223 884

**Horario de atención ao público**: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Avelino Rodríguez González.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

galicia

Museo Arqueolóxico



XUNTA  
DE GALICIA